

GUIA DOCENTE PLANO DE ESTUDOS: “GRADUADO SÉNIOR POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA” - FERROL

Título: Descubrindo a Enxeñería: Experimentos, Proxectos e Casos Prácticos

Docentes: Álvaro Michelena Grandío
Ángel Fernández Rodríguez

Descrición xeral da materia:

A materia Descubrindo a enxeñería: Experimentos, Proxectos e Casos Prácticos ofrece unha perspectiva xeral sobre os distintos aspectos da enxeñería, cun enfoque práctico e accesible. A través de pequenos experimentos, análises de proxectos actuais e estudos de casos prácticos, os estudantes explorarán o impacto da enxeñería na sociedade e na vida cotiá. A materia abrangue unha variedade de temas, dende as innovacións históricas que deron forma ao campo ata as tendencias actuais. Así, búscase dar unha visión global e enriquecedora sobre o papel da enxeñería no mundo moderno.

Obxectivos:

Coñecer os diferentes hitos históricos relacionados coa enxeñaría ata os nosos días.
Comprender a importancia da enxeñería como motor para o avance da sociedade.
Coñecer o panorama actual da enxeñería e a súa perspectiva de futuro.

Contidos:

Historia da enxeñaría.
O impacto da enxeñería na sociedade.
Experimentos prácticos e demostrativos.
Proxectos de enxeñería relevantes e actuais.
Avances en diferentes campos da enxeñería (mecánica, eléctrica, civil, etc.).
Exemplos prácticos de aplicación.
Tendencias Futuras en Enxeñaría.
Curiosidades da enxeñaría.

Metodoloxía docente:

Presentación oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de preguntas dirixidas aos estudantes, co fin de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Realización de clases prácticas onde os estudantes poderán aplicar conceptos abordados nas sesións teóricas.
Debates dirixidos.
Estudo de casos.

GUIA DOCENTE

PLANO DE ESTUDOS:

“GRADUADO SÉNIOR POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA” - FERROL

Fontes de información: Bibliografía e ligazóns de interese:

Costa Morata, P. (2016). Ciencia, tecnología y sociedad en los estudios de ingeniería. Ciencia, tecnología y sociedad en los estudios de Ingeniería, 1-224.

Ortiz, O. G., & Rozo, M. E. V. (2022). Introducción a la ingeniería: Una visión desde sus fundamentos científicos y tecnológicos, y desde el currículo en la formación del ingeniero. Ecoe Ediciones.

Fernández-Panadero, J. (2012). Experimentos para entender el mundo. Libros Hércules.